

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL QUE AVALIARÁ O CONCURSO-OPOSICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES PRESENTADAS PARA A PROVISIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 1 PEÓN FORESTAL PARA O CONCELLO DE LAXE, DURANTE 9 MESES, PREVIA PRESELECCIÓN POLA OFICINA DE SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE CARBALLO (PROGRAMA APROL RURAL, XUNTA DE GALICIA).

Na casa do Concello de Laxe (A Coruña), sendo as 8:00 horas da mañá do día 03/06/2022, reúnen-se as persoas que deseguido se relacionan e que compoñen o Tribunal que avaliará os méritos que acreditaron os/as aspirantes presentados/as ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal, para a mellora da ocupabilidade e inserción laboral, no marco dos programas de activación para o emprego, de UN peón para a realización do programa de “Xestión da biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe”, convocatoria 2022, previa preselección realizada polo Servizo Público de Emprego, oficina de Emprego de Carballo, oferta de Emprego núm. 12-2022-5641.

O tribunal está integrado polos seguintes membros:

Presidenta: Isabel M^a Castro Añón, xefa do negociado de contabilidade deste concello

Vogais:

1. Alfredo A. Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello
2. Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello
3. Marcial Alvarez Pose, policía local deste concello

Secretaria: Alejandra Castro Añón, administrativo deste concello

A sra. presidenta declara constituído o tribunal e acto seguido de acordo co estipulado nas bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 286/2022, de 19 de maio, para a selección deste persoal, procédese, en primeiro lugar, á realización da Fase de oposición que consta das seguintes probas de carácter obrigatorio e eliminatorio:

Probos prácticos: Consistirá na realización das seguintes probas prácticas:

- de manexo, destreza e desenvolvemento cunha desbrozadora manual e
- de manexo, destreza e desenvolvemento cunha desbrozadora telescópica,

Valorándose a rapidez, habilidade, coñecementos no manexo da mesma e o resultado acadado, realizándose nun tempo máximo de 10 minutos.

Puntuación máxima: 10 puntos.

Sendo as 9:50 h rematan a proba os/as aspirantes, o tribunal avalía, resultando a seguinte cualificación:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN FASE DE OPOSICIÓN (MÁX. 10 PTOS)
DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO	6,5
GOMEZ LEMA, MIGUEL	5,5
LEMA GARCÍA, SAMUEL	4
ROMAR ÁLVAREZ, CARLOS	4
SANTOS ABELLEIRA, MARÍA	6

Non se presentaron á realización desta proba Dulzura Vidal Miñones, Belén López Silva, Isabel Río Martínez, Juan Francisco Vázquez García e Alejandro Vidal Bouzas.

Proba de coñecemento do galego:

Na casa do Concello, sendo as 11.30 h ten lugar a realización da proba de coñecemento do idioma galego, de acordo co establecido coas bases de selección que é o seguinte:

Celga 1: Aqueles aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 solicitada nestas bases que superasen a fase de oposición, realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto. A cualificación na proba como non apto supón a exclusión por parte do candidato do procedemento de selección.

Realizan esta proba os seguintes aspirantes, obtendo o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	APTO/NON APTO
DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO	APTO
ROMAR ÁLVAREZ, CARLOS	APTO
SANTOS ABELLEIRA, MARÍA	APTO

Na fase de oposición quedan excluídos Samuel Lema García e Carlos Romar Álvarez.

A continuación, ao abeiro do disposto na base novena da convocatoria, apartado B), procédese á realización da Fase de concurso daqueles aspirantes que superaron a fase de oposición, obténdose o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	FORMACIÓN (MÁX. 1 PUNTO)	EXPERIENCIA (MÁX. 1 PUNTO)	TOTAL FASE CONCURSO
DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO	0,10	1,00	1,10
GOMEZ LEMA, MIGUEL	0,00	0,35	0,35
SANTOS ABELLEIRA, MARÍA	0,00	0,00	0,00

O resultado final da fase de oposición e concurso é o seguinte:

APELIDOS E NOME	FASE DE OPOSICIÓN	FASE DE CONCURSO	TOTAL
DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO	6,5	1,10	7,60
GOMEZ LEMA, MIGUEL	5,5	0,35	5,85
SANTOS ABELLEIRA, MARÍA	6	0,00	6

A continuación, de acordo coa base décima da convocatoria de selección, procédese a formar a relación de aprobados/as pola orde de puntuación total obtida:

APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
DE PINHO DÍAS, MIGUEL ALBERTO	7,60

Ao abeiro do que dispón a base décima da convocatoria, o tribunal elabora unha lista de reserva, por orde decrecente, cun número de aspirantes igual ao dos aprobados, resultando:

APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
SANTOS ABELLEIRA, MARÍA	6
GOMEZ LEMA, MIGUEL	5,85

De acordo co disposto na base décima da convocatoria, o tribunal acorda:

Primeiro. Propoñer ao sr. alcalde designar a **Miguel Alberto de Pinho Días**, como peón para a realización do servizo de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.


Segundo. Elaborar unha lista de reserva composta por **María Santos Abelleira e Miguel Gómez Lema**.

Terceiro. Publicar a relación de aprobados no taboleiro de anuncios desta Corporación.


Cuarto. Elevar a presente acta ao sr. alcalde, consonte ó disposto no parágrafo tres da base décima da convocatoria.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematado o acto, dispoñendo a sra. presidenta que se redacte a presente acta que suscriben tódolos membros do tribunal, sendo as 13.00 h, e do que eu, secretaria, certifico.

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL



OS VOGAIS



A SECRETARIA

